

**Juan José Ispizua**

**Polo camiño da nada, Itaca**

A palabra O Carril(1) ergueuse das augas. Aparece o golfiño nas suaves augas, unxindo, anovando e fecundando as augas con aceite sagrado. Perdéndose, na memoria...

... somerxéndose na nada. A palabra é vergonzosa. Mergúllase nestas mansas augas.

Soño é. A figura coitelo do golfiño desacougada á maneira das palabras. Movimento plano, agarimoso; semellante á sensación que a ollada pousou nas follas que se desprenderon a modiño nestas mansas augas. Chamada que non xera ondas, berro, corno convexo. Soño é. Revelación no Carril; nas terras do fondo do mar danse á luz tradicións. Esculpidas no granito do monte Pindo(2).

Lembro unha morea de outonos nas marismas perdidas de Axpe(3). Derrubadas. Labores fatigosas, campo de terra estéril, estragadas pola esperanza no derradeiro esforzo. A auga salada mergullou, con firmeza, a terra roturada do señor. Dende aquela, Jose de Etchezaharre(4) non tivo fillo labrego ningún. Marcharon na procura das xeografías que o mar debuxara nas marismas. (E afirmo isto con certeza, porque foi o noso pai o último en marchar) Escribiron a vida en tinta azul escura, na cor salada do mar.

Hoxe, lonxe de épocas heroicas, paréceme que estamos a vivir no non-tempo entre a marea alta e a marea baixa e enraicei as videiras do cerebro no centro de Busturipunte(5), tentando dar sentido ás improntas escritas na lama polas aves marinas, ou algo así.

Pegaso vai ao trote. O ceo trocou en prado; tamén o mar. É chan o ceo, e os seus espellos, campos de Deltebre(6), cadrados, abertos, escuros... como as olladas de inverno que se pousan nos cristais.

É palimpsesto o vento no areal e o seu reflexo, raiola agre da escuridade invernal. Non estamos sos; o mar alzou teas cara ao Leste. E pregando as cóncavas palmas da man recibo a proposta da Deusa: «na fonte Aretusa e na rocha do corvo negro»(7) atoparás o camiño, na banda do futuro. Na proa, ollando cara ao futuro, cosín unha moeda de ouro; nela os golfiños navegan nas augas sagradas do tempo.

*Traducido do éuscaro por Iratxe Retolaza Gutiérrez*

1. O Carril. Aínda que hoxe é parroquia de Vilagarcía de Arousa, o porto desta vila foi moi afamado; isto é, o porto de Santiago de Compostela. Ten moita sona a ameixa deste lugar; na baixa-mar a terra do fondo do mar semella estar fragmentada e labrada á maneira das hortas.

2. O monte Pindo. Un monte que está por riba da vila de Carnota (A Coruña). Polo visto, tamén recibe o nome Moa. Tamén hai quen o chama o Olimpo dos celtas.

3. Axpe. Barrio de Busturia (Bizkaia).

4. Etchezaharre. Un vello caserío que había no barrio de Axpe no século XVII. Derrubárono nos anos 60. José foi o derradeiro señor deste caserío.

5. Busturipunte. Areal e praia salvaxe nas marismas de Axpe.

6. Deltebre. Concello construído na delta creada polo río Ebro.

7. As palabras que a Deusa Atenea lle di a Ulises ao chegar a Ítaca.

**Ezerezaren bidetik itaka**

O Carril(1) berba da uretatik jalgi. Izurdea dager ur leunetan, olio sakratuaz urak

gantzutzen, eraberritzen eta ernaltzen.

Desagertzen, memorian...

... ezerezean murgiltzen. Ahalke da hitza. Ostendu egin da ur emeotan.

Ametsa da. Berben antzera aienatu da izurdearen forma labana. Higidura laua, samurra; ur emeotara mara-mara erori diren hostoei begiradak ezarri dien sentsazioa lakoa.

Uhinik eragiten ez duen deia, deiadarra, adar konbexua. Ametsa da. Agerkundera O Carril-en; non itsaspeko lurretan erditzen diren tradizioak. O Pindo(2) mendiko granitotan zizelkatu dituztenak.

Udagoien ugari datorkit gogora Axpeko(3) padura galduetan. Hondatuetan. Lan nekezak, lur lorra antzuak, azken ahaleginaren itxaropenaz iraziak. Ur gaziak murgildu ditu, gotor, etxekojaunaren lanberriak. Geroztik, ez zuen Etxezaharreko(4) Josek seme nekazaririk izango. Itsasoak paduretan marraztutako geografien bila abiatuko ziren. (Ziur diot hau geure aita azkena izan baita) Tinta urdin ilunetan idatzi dute bizitza, itsasoaren kolore gazian. Gaur, aro heroikoetatik urrun, itsasgora eta itsasbeheraren arteko ez-denboran bizi garela iruditu zait eta Busturipunteko(5) muna deslotuetan errotu ditut burmuineko aihenak, itsastxoriek basan idatzitako lorratzei zentzua eman nahian, edo.

Pegaso ari da trostan. Zerua larre bihurtu da; itsasoa ere bai. Laua da ortzea eta haren ispiluak, Deltebre-ko(6) eremuak, karratuak, irekiak, ilunak,... kristalean pausatzen diren neguko begiradak bezalakoak.

Palimpsestoa da haizea hareatan eta haren isla, neguko iluntasun izpi samina. Ez gaude bakarrik; itsasoak eraiki baititu oihalak ekialderantz. Eta esku-ahur konkaboak bilduaz jainkosaren eskaintza jasotzen dut: «*Aretusa iturria eta bele beltzaren arrokan*»(7) aurkituko duzu bidea, etorkizuneko bandan. Brankan, gerorantz begira, josi dut urregorritzko txanpon bat; zeinetan izurdeak nabigatzen diren denboraren ur sakratuetan. Oharra: Oso astiro irakurri.

- 
1. O Carril. Gaur egun Vilagarcía de Arousa-ko parrokia den arren, herri honetako portua oso famatua izan zen; Santiago de Compostela-koa, alegia. Oso ospe handia dauka bertako txirlak. Itsasbehera denean itsaspeko lurra ortuen antzera sailkatu eta lantzen dela ematen du.
  2. O Pindo mendia. Carnota (A Coruña) herri gainean den granitozko mendi mardula. Moa izena ere ba omen dauka. Keltarren Olinpoa deitzen dionik ere bada.
  3. Axpe. Busturiko auzoa (Bizkaia).
  4. Etxezaharre. Axpe auzoan zegoen XVII. Mendeko baserri zaharra. 60. hamarkadan bota zuten lurrera. José bertako azken etxekojauna izan zen.
  5. Busturipunte. Axpeko paduretan harea eta basazko hondartza.
  6. Deltebre. Ebro ibaiak sortutako deltan bertantxe eraikitako udalerrria. Laua da eta arroz ortu ureztatuez dago ia beteta.
  7. Atenea jainkosak Ulises bidaiariari esan dizkion hitzak Itakara heldutakoan.